

MIGUEL COSTAS

COLEXIO PEQUENO DEREITO

Miguel Costas (Vigo, 1961) é compositor musical e artista. Como fundador de Siniestro Total e Aerolíneas Federales, é un referente do rock, o punk e o pop en Galicia, España e boa parte de Latinoamérica. Publicou preto dunha trintena de discos e máis de trescentas cancións, algunhas das cales son himnos da cultura popular: “Bailaré sobre tu tumba” (Siniestro Total) ou “Soy una punk” (Aerolíneas Federales) son dous exemplos claros.

Tras ocupar a praza de cantante e guitarrista en Siniestro Total durante a súa década máis exitosa, deixou o grupo para formar primeiro Los Feliz e, logo, emprender unha andaina en solitario na que segue activo.